

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. De acordo coa lexislación vixente, requirirase o consentimento escrito do paciente:

- A) Para a práctica dunha intervención cirúrxica.
- B) En todo caso.
- C) Non se precisa nunca o consentimento escrito.
- D) Para a práctica de calquera procedemento terapéutico.

2. Segundo o artigo 37 do Estatuto de Autonomía, que órgano exerce a función executiva da Comunidade Autónoma de Galicia?

- A) O Parlamento.
- B) A Xunta.
- C) O Presidente da Xunta.
- D) Os Conselleiros.

3. Cal dos seguintes principios NON se recolle na Lei 14/1986, xeral de sanidade, como principio de organización e funcionamento do Sistema de Saúde?

- A) Eficacia.
- B) Celeridade.
- C) Rendibilidade económica.
- D) Todas as respostas son correctas.

4. NON é unha retribución básica do persoal estatutario dos servizos de saúde:

- A) O soldo.
- B) As pagas extraordinarias.
- C) O complemento de destino.
- D) Os trienios.

5. Segundo a Lei 8/2008, a dirección do Sistema Público de Saúde de Galicia correspóndelle:

- A) Exclusivamente, á consellería competente en materia de sanidade.
- B) Ao Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social.
- C) Á presidencia da Xunta de Galicia.
- D) Á consellería competente en materia de sanidade, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Consello da Xunta de Galicia.

6. O Servizo Galego de Saúde facilita a promoción interna do seu persoal estatutario fixo nos procesos de selección que convoca. Ao respecto, sinala a resposta correcta:

- A) As prazas que non se provexan polo sistema de promoción interna acumularanse ás de acceso libre.
- B) En todo caso, o persoal seleccionado pola quenda de promoción interna terá preferencia para a elección das prazas respecto ao da quenda de acceso libre.
- C) Para a promoción interna reservárase sempre o cincuenta por cento das prazas convocadas.
- D) Son correctas as respostas A) e B).

7. Cal destas normas sobre selección e provisión de prazas aplícase ao persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde?

- A) O Decreto 206/2005, do 22 de xullo.
- B) Con carácter supletorio, a Lei 30/1984, de reforma da función pública.
- C) O Decreto 93/1991, que contén o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna da Xunta de Galicia.
- D) Todas as normas anteriores.

8. Os nomeamentos de persoal estatutario temporal poderán ser:

- A) De interinidade, de carácter indefinido ou de substitución.
- B) De carácter eventual, fixo-descontinuo ou de duración determinada.
- C) De interinidade, de carácter eventual ou de substitución.
- D) De gardas, de propiedade ou de substitución.

9. O artigo 1 da Constitución propugna como valores superiores do ordenamento xurídico español:

- A) A xerarquía normativa e a publicidade das normas.
- B) O principio de legalidade e de seguridade xurídica.
- C) A autonomía e a solidariedade entre nacionalidades e rexións.
- D) A liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.

10. De acordo co artigo 15 da Lei de prevención de riscos laborais, constitúe un principio da acción preventiva:

- A) Evitar os riscos que non se poidan avaliar.
- B) Adaptar a persoa ao traballo.
- C) Adoptar medidas que antepoñan a protección individual á colectiva.
- D) Substituír o perigoso polo que entrañe pouco ou ningún perigo.

Preguntas de reserva

1. Segundo o artigo 10 da Lei xeral de sanidade, o dereito a ter un profesional médico interlocutor principal co equipo asistencial é de aplicación:

- A) Só na sanidade pública.
- B) Tanto na asistencia sanitaria pública como nos servizos sanitarios privados.
- C) Con carácter orientativo nas Administracións públicas sanitarias.
- D) Supletoria naquelas comunidades autónomas con servizos sanitarios transferidos e que carezan de regulación específica respecto diso.

2. Formalmente, o Estatuto de Autonomía galego foi aprobado mediante:

- A) Unha lei orgánica.
- B) Un real decreto-lei.
- C) Unha lei de bases.
- D) Unha lei ordinaria, pero referendada polo Xefe do Estado.